

IV XORNADA de HISTORIA

A nosa historia facémola NÓS

Paseos histórico-pedagóxicos

Sábado, 16 de novembro de 2024

Mañá

10:00 h. Punto de saída: acceso ao Museo Catedral na Praza do Obradoiro



Unha catedral para un Reino: a capela dos Reis da Catedral de Compostela.

RAMÓN YZQUIERDO PEIRÓ, doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, Director técnico do Museo Catedral de Santiago e especialista nos seus fondos artísticos.

A alianza forxada entre a Igrexa compostelá e a Monarquía resultou fundamental para o desenvolvemento e consolidación do fenómeno xacobeo. Esta actividade centrarase na recuperación da memoria do esquecido Panteón Real compostelán, trasladado no século XVI a unha capela no edificio claustral que, convertida en relicario tempo despois, foi inaccesible ao público ata hai apenas vinte e cinco anos. Nel atópanse os enterramentos de figuras senlleiras na historia de Galicia, caso da Raíña Berenguela ou dos reis Fernando II e Afonso VIII, grazas aos que o Mestre Mateo foi quen de rematar as obras da catedral románica.

11:45 h. Punto de saída: Colexio de Fonseca



Espazos de Asorey en Compostela.

MERCEDES ESPÍÑO AMIL, licenciada en filoloxía galego-portuguesa, dirixe rutas por Santiago, entre elas a de Rosalía e a de Asorey.

Santiago é o lugar que acubilla máis obras de Francisco Asorey, cando menos 66 identificadas e localizadas, unhas públicas como

o monumento a San Francisco, outras privadas mais con acceso ao público, como as da Facultade de Medicina ou o Pazo de Fonseca, outras en casas ou coleccións particulares. Nos «espazos de Asorey» percórrense lugares de Compostela en que as obras se ven, outros en que obras súas, e de moita calidade, resultan case invisibles ou son descoñecidas, e espazos directamente relacionados coa súa vida. O roteiro reivindica a relación de Compostela con Asorey, o máis grande escultor galego do século XX, de amplo recoñecemento universal. Entre outros puntos, visitaremos o petador do Pazo de Vaamonde, as placas a Bernardo Barreiro de Vázquez Varela e a Enrique Mayer, a tumba do cardeal Martín de Herrera, o Monumento a San Francisco e o capitel e escudo do Hotel Compostela.

Tarde

16:00 h. Punto de saída: Casa das Máquinas (rúa Galeras)



O traballo de Compostela en feminino.

ENCARNA OTERO CEPEDA, historiadora comprometida coa posta en valor da historia das mulleres galegas.

Seguindo os pasos das nosas devanceiras, faremos un percorrido partindo do río Sarela para coñecermos a vida das lavandeiras,

logo subiremos á zona de Gómez Ulla onde se situaban importantes fábricas de confección e remataremos na praza de abastos na que as mulleres desempeñaban un importante labor relacionado co abastecemento de alimentos.

17:45 h. Punto de saída: Praza de Cervantes



Sete segredos do reino: camiñamos pola Compostela medieval.

A divulgadora SARA SECO RIAL (un dos rostros máis importantes da cultura galega nas redes sociais e guía, entre outras iniciativas, da serie *Unha tiktok no reino de Galiza*) e o profesor CARLOS CALLÓN (autor d'o libro negro da lingua galega e do próximo volume *Vidas e historias LGBT da Idade Media*), levarannos por sete espazos emblemáticos que nos revelan momentos estelares do reino de Galiza. Dos grandes titulares da Historia ao relevante día a día do pobo, deterémonos en sete segredos que deben deixar de selo.

Matrícula

Para a inscrición nas xornadas:

www.cig-ensino.gal/formacion, www.as-pg.gal

Homologación: está solicitada a homologación destas Xornadas á Consellería de Educación por 8 horas. Para a obtención do certificado é necesario acreditar a asistencia de, cando menos, o 85% da totalidade da actividade.

Prezo: gratuíta.

Poden solicitarse axudas económicas por desprazamento segundo o establecido na Orde para financiar gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario.